

## **FICHA TÉCNICA**

### **INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA BARBANZA E IRIA**

**Creación:** Por Orde do 11 de decembro de 2006 da Consellería de Medio Rural pola que se recoñece e se establecen as normas de utilización nos viños de mesa producidos nesta área xeográfica. Corrección de erros do 7 de febreiro de 2007.

**Regulamentación:** Orde do 11 de decembro de 2006 da Consellería de Medio Rural pola que se recoñece e se establecen as normas de utilización nos viños de mesa producidos nesta área xeográfica (DOG núm. 241 do 18.12.2006, corrección de erros no DOG núm. 27, do 7.02.2007). Modificada por: Orde do 28 de abril de 2008 (DOG núm. 89, do 9.05.2008) e Orde do 1 de febreiro de 2012 (DOG núm. 31, do 14.02.2012).

**Enderezo:** Avda. Do Camiño Francés, 10, baixo  
15703 Santiago de Compostela  
Tel: 881 997 279  
Fax: 981546 676  
correo electrónico: [agacal.certificacion@xunta.gal](mailto:agacal.certificacion@xunta.gal)

#### **Rexistros a 31 de decembro de 2018:**


Superficie en produción:	8,5 ha
Viticultores:	11
Industrias:	4

#### **Volume de actividade no ano 2018:**

Produción uva:	42 483 kg
Viño calificado :	31 728 l
Valor económico estimado:	126 912 €

## Zona amparada pola IXP Barbanza e Iria

A zona amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Barbanza e Iria está constituída polas terras aptas para a produción de uva dos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira e Valga, así como as parroquias de Camboño, Fruíme e Tállara do concello de Lousame; as parroquias de Iria Flavia e Padrón, do concello de Padrón; e as parroquias de Baroña, Caamaño, Queiruga, Ribasieira, San Pedro de Muro e Xuño, do concello de Porto do Son.



## Características dos viños da IXP Barbanza e Iria

Os viños obtidos son lixeiros, limpos, brillantes e cunha cor intensa na fase visual; con aromas francas, nas que se aprecian as características propias da materia prima da que proceden, con graduacións alcohólicas moderadas, con aromas florais e de froitas; na boca son suaves, frescos, saborosos e equilibrados e ó final con pequenos toques de acidez.

## Variedades de uva da IXP Barbanza e Iria

- **Brancas:** albariño, caíño branco, godello, loureiro branco (loureira ou marqués), treixadura, branco lexítimo (albarín blanco), agudelo (chenín blanco) e torrontés.
- **Tintas:** brancellao, caíño tinto, espadeiro, loureiro tinto, mencia e sousón.

## Tipos de viños amparados:

Elabóranse viños brancos e tintos. Os monovarietais deben ter unha graduación alcohólica mínima do 11% vol. Os restantes viños deberán ter unha graduación alcohólica mínima do 10% en volume.

